

## VENRES 21 DE XUÑO DE 2019

**9 a 13 h.** Celebración escolar coa participación das familias do alumnado da escola Rosalía de Castro, con xogos, merenda, obradoiro de actividades impartido por Electra Menéndez e concerto de Ana Silva, Silvia Ferre e Alfredo Susavila.

## SÁBADO 22 DE XUÑO DE 2019

**10:30 h.** Presentación oficial da celebración do 90 aniversario da Escola Rosalía de Castro. Intervención musical de Aida Saco, pianista. Saúda das autoridades.

**11:00 h.** A “Sociedad Instructiva Pro-Escuelas Hijos de Taragoña en la República Argentina” e a construción da escola “Rosalía de Castro”.

Conferencia impartida polo historiador Xosé Ramón Brea, e posterior coloquio.

**12:45 h.** Intervención musical da Banda de gaitas Buxaina, de Taragoña.

**12:15 h.** Intervención artística “Rosalía na escola” do C.E.P. X. M. Brea Segade, de Taragoña.

**14:30 h.** Xantar campestre na praia da Torre (praia do Salgueiriño), Taragoña, en colaboración coa “I Xornada Medioambiental Praia da Torre” organizada polo colectivo Ondiñas Mainas.

## DOMINGO 23 DE XUÑO DE 2019

**11:00 h.** Roteiro arqueolóxico pola contorna da escola dirixido por Juan Carlos Collazo, Electra Menéndez e Álvaro Arizaga.



Actividades organizadas grazas ao altruísmo das persoas e entidades citadas.  
Escola Rosalía de Castro ( escola de Cruceiro) do Cra de Rianxo.

## 90 ANIVERSARIO DA ESCOLA “ROSALÍA DE CASTRO” (1929-2019)



TARAGOÑA. RIANXO  
XUÑO DE 2019

## **A “SOCIEDAD INSTRUCTIVA PRO-ESCUELAS HIJOS DE TARAGOÑA EN LA REPÚBLICA ARGENTINA” E A CONSTRUCCIÓN DA ESCOLA “ROSALÍA DE CASTRO”.**

Dende comezos do século XX, o tema da escolarización foi unha das preocupacións da parroquia de Taragoña, pois dado o seu peso demográfico, había grande necesidade de contar con varias aulas.

A emigración de veciñanza a América farase eco deste problema e vai provocar un profundo sentimento de compromiso e solidariedade cos seus conveciños e conveciñas da parroquia. As remesas de cartos que viñan da emigración foron moi importantes para a mellora das condicións de vida e para a modernización da nosa economía e un dos puntos onde máis van incidir será no ámbito educativo, sobre todo co traballo colectivo das “sociedades pro-escolas ou de instrución”. Estas sociedades fixéronse cargo da implantación, dotación e financiamento das chamadas «escolas de americanos» que viñeron a aumentar e renovar o conxunto das escolas estatais de Galicia.

O día 30 de xuño de 1923 fúndase en Buenos Aires a “Sociedad Instructiva Pro-Escuelas Hijos de Taragoña en la República Argentina” na que vai ter un papel decisivo o taragoñés, José Otero Otero, pois dende o seu cargo de secretario, impulsará a creación da escola “Rosalía de Castro”. A entidade adquire dous solares en Campo de Pasos en 1924 e 1926, e realiza unha activa campaña de propaganda para obter máis recursos económicos.

Otero chega a Taragoña en xuño de 1927 e encargará ao mestre Baltasar Quintáns Somoza formar unha sub-comisión que xestione os trámites da construción do edificio escolar. Recordemos que Taragoña tiña en 1928 unha poboación que superaba os dous mil habitantes e 470 nenos e nenas en idade escolar.

O alcalde de Rianxo, D. Mariano Rodríguez Dios, pai de Castelao, puxo a primeira pedra da escola de Taragoña o 23 de setembro de 1928. Ía ser un edificio de 17 metros por 13, no que habería dúas aulas, de 8 metros por 5, para clases de ambos sexos; un gran patio para exercicios físicos; unha sala de primeiros auxilios; contigua a esta, unha habitación para a dirección, secretaría e biblioteca e, ademais, o espazo necesario para a vivenda do mestre.

A Sociedade Instructiva continúa co labor de recollida de fondos mediante a organización de festivais e veladas artísticas. Nestes anos de 1928 e 1929 vai ser cando se envían dende Buenos Aires as remesas de cartos máis importantes, ata 9.000 ptas, para rematar canto antes o edificio. En maio de 1929, os emigrantes na Arxentina organizaron un banquete para conmemorar o remate da obra; así o testemuña a colocación no alto da fachada principal da escola dunha placa inaugural que, malia as obras realizadas nela, aínda hoxe segue campando no mesmo lugar.

Maio de 2019  
Xosé Ramón Brea

